

Unha homenaxe debida

X. L. AXEITOS
Real Academia Galega

E. GRANDÍO SEOANE
Universidade de Santiago de Compostela

RAMÓN VILLARES
Consello da Cultura Galega

Por máis que as razóns sexan puramente administrativas, o tránsito cara á situación da *jubilatio* dun profesor universitario aconsella facer un alto no camiño e convocar a colegas e discípulos a unha celebración algo especial. Non se trata de palabras e músicas que leve o vento, nin de fastos propios de «paraninfos», senón de traballos e investigacións, cuxos contidos han de ficar para o porvir. Esta foi a idea que nos moveu, a persoas e institucións das que de contado se falará, para elaborar este libro-homenaxe ao profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández. A iniciativa foi ben doada, pola disposición que todos os participantes amosaron para contribuíren ao que se lles demandaba. E os resultados á vista están, nestes dous volumes que serán por tempo punto de referencia para a historia da cultura galega, nomeadamente da súa época máis recente.

A idea de facer este libro partiu en primeira instancia do Departamento de Historia Contemporánea e de América, daquela dirixido pola profesora María Xesús Baz Vicente, quen puxo todo o seu empeño persoal para que esta iniciativa fose partillada pola propia Universidade de Santiago de Compostela e por outras institucións. Por esta razón se sumaron á preparación e edición desta obra, institucións nas que o profesor Barreiro tivo e segue a ter especial presenza, como son o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega. Os tres coordinadores do libro tamén estamos agradecidos a todas tres institucións por térsenos confiado

este traballo e, de forma especial, queremos deixar patente a nosa gratitude ao Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela por acoller esta publicación na súa programación editorial.

Na convocatoria de contribucións para este libro, feita apenas hai un ano, quixemos que houbera algunha congruencia entre as querenzas intelectuais do homenaxeado e a natureza dos traballos solicitados. Os resultados foron superiores ás expectativas. Alén de artigos de natureza científica, apareceron outros contributos, en forma de pezas poéticas ou de lembranzas persoais, que revelan esa capacidade de convocatoria que ten o autor homenaxeado. O número de participantes rolda a cifra de sesenta persoas. Do poema composto para a ocasión por Salvador García Bodaño, tomamos o título da publicación.

A distribución interna das colaboracións vai ordenada de acordo coas grandes liñas de especialización do homenaxeado. Ábrese a publicación cunha sección de historia política, na que se recollen case ducia e media de colaboracións que, dentro da súa diversidade, se achegan aos temas estudados ou mandados estudar polo profesor X. R. Barreiro, como son o galeguismo, as familias políticas, o caciquismo, a represión na guerra e primeiro franquismo. Este último apartado é o máis atendido, pois ata sete contributos se ocupan desta época da guerra e do franquismo, o que pon de manifesto a radical mudanza que se está a producir nas liñas de investigación de historia contemporánea en Galicia. Segue logo unha segunda sección dedicada á historia dos medios de comunicación, con oito colaboracións procedentes de campos profesionais ben diversos, desde a historia ou o xornalismo ata a teoría da literatura. Con estas dúas seccións, componse o primeiro volume deste libro.

No segundo volume incorpóranse colaboracións que pertencen a campos máis plurais, que reflicten tanto a diversidade de querenzas intelectuais do homenaxeado como as tendencias historiográficas máis recentes. Un importante monlo de contributos de temática ben diversa fica agrupado baixo o rubro de historia cultural, na que van tanto perfís biográficos de figuras como López Ferreiro, Alonso y López ou Ramón de la Sagra, como achegas á historia de institucións concretas. Seguen logo tres seccións dedicadas á historia social, á historia agraria e á historia relixiosa, menos farturentas do que se puidese supor, para continuar logo cunha importante sección dedicada a estudos sobre a lingua e a literatura galega, que revela a repercusión que logrou o homenaxeado no campo dos estudos filolóxicos e literarios. O volume cerra cunha serie de contributos de curta extensión pero de notable singularidade, compostos de evocacións persoais da figura do profesor X. R. Barreiro ou de composicións poéticas que a ocasión inspirou, case todos eles debidos a membros da Real Academia Galega.

Os participantes nesta homenaxe e, desde logo, os encargados do coidado da edición deste libro somos coñecedores da biografía intelectual e profesional do profesor X. R. Barreiro, de modo que sería innecesario alongar esta presentación con ningunha nota biográfica que, por breve, pode volverse inxusta. Pero pensando nos lectores, presentes e futuros, deste libro, coidamos pertinente incluír unhas cantas referencias biográficas que axuden a encadrar o labor universitario, investigador e docente, dunha persoa que foi capaz de agrupar ao seu carón a tan numerosos amigos e discípulos.

* * *

Naceu X. R. Barreiro na cidade mariñeira de Ribeira, nunha familia popular pero de tradición culta e profesional, con parentes no xornalismo, na carreira eclesiástica e no maxisterio. Formado no Seminario compostelán, que aínda gardaba algún saibo da vella Universidade Pontificia, deu cima ao seu brillante *cursus honorum* cunha estadía de varios anos na cidade de Roma, onde frecuentou as aulas da Universidade Gregoriana, onde se doutorou en Dereito Canónico. Os anos pasados en Roma, que coincidiron cos tempos da Italia da *dolce vita* felliniana pero tamén das sesións do Concilio Vaticano II, foron de proveito non só intelectual senón tamén vital. Retornado a Compostela, moi axiña se volveu unha figura relevante na cidade, como profesor no Seminario, pero tamén como referente dun grupo de sacerdotes que quixeron aplicar á Igrexa galega algunhas das novidades conciliares. Aínda contando con máis comprensión que favor do saudoso cardeal Quiroga Palacios, o pulo xuvenil daquela xeración de clérigos renovadores careceu de vieiros polos que se desenvolver e cadaquén acabou por coller o seu propio camiño

No caso do profesor X. R. Barreiro, a escolla feita foi a de se incorporar á Universidade compostelá, cursando nela a carreira de Filosofía e Letras, na súa sección de Historia. Chegou á súa condición de estudante cun fardel de coñecementos e de experiencia que se fixo de contado ben patente entre todos os seus condiscípulos, aos que sempre tratou con solidariedade e comprensión intelectual. Alén da diferenza de idade e de formación, tiña tamén ao seu favor unha liña de investigación propia no ámbito da historia eclesiástica, con estudos sobre arcebispos de Compostela (Vélez, García Cuesta) ou sobre a parroquia galega, así como coa dirección da revista *Compostellanum*, pensada como voceiro dos estudos xacobeos e que el foi reconducindo cara ao campo dos estudos históricos de Galicia, incluídos algúns tan afastados do seu propósito inicial como a demografía histórica ou a historia agraria. Esta inicial especialización en historia da Igrexa,

que nunca abandonou de todo, vese reflectida nesta propia homenaxe con contributos moi específicos dalgúns colegas e discípulos.

A partir de mediados dos anos setenta, unha vez graduado en Historia cunha “tesina” sobre a historia da universidade compostelá na súa etapa de reformas de Fernando VI e Carlos III, incorpórase á docencia na Facultade, primeiro na área de Historia Moderna baixo a dirección do profesor A. Eiras Roel e, moi axiña, na de Historia Contemporánea, nun departamento que comezou a se configurar coa chegada a Compostela dos profesores J. M. Palomares, en 1976, e de Juan José Carreras, en 1977. Desde aquelas datas ata hoxe, o profesor Barreiro nunca deixou de poñer clase ningún curso académico (nunca se acolleu á posibilidade de ter un “ano sabático”) nin de aceptar impartir as materias máis diferentes, por máis que fose a historia de Galicia contemporánea a disciplina que con maior gusto e intensidade teña explicado aos alumnos das carreiras de Historia e, desde 1991, tamén aos de Xornalismo e Comunicación Audiovisual.

Alén da súa condición de profesor, a súa carreira académica concreouse na realización dunha segunda Tese de doutoramento, sobre o Campesiñado Galego no século XIX, presentada en 1979, así como no seu acceso á condición de profesor numerario, en 1983 no corpo de “adxuntos” e desde 1987 como catedrático da área de Historia contemporánea, con especialización recoñecida en historia de Galicia. Desempeñou asemade, en diversas xeiras, cargos académicos como os de Director de Departamento, Decano da Facultade e Vicerreitor de Política Cultural da Universidade. Cargos aos que accedeu máis por prestar un servizo á institución que por paixón persoal, pois en todos eles se demorou o menor tempo posible.

Na biografía intelectual do profesor X. R. Barreiro atópanse varias características centrais que merecen ser subliñadas nesta presentación. Trátase, antes de nada, dun historiador vocacional e de raza, cunha obra publicada de enorme amplitude e calidade, que abrangueu moitos campos do saber histórico. A súa condición de historiador é o resultado dunha vocación que xa comezara na súa fase vital de pertenza á carreira eclesiástica, pero que desenvolveu a xeito despois da súa incorporación á universidade compostelá, xa desde os tempos de escolante. Naquela altura ou xa como recién graduado publicou elaborados artigos sobre a difusión do evolucionismo en Galicia ou sobre as orixes federais do galeguismo, así como algunhas obras que se volveron decisivas para a historiografía da Galicia contemporánea, que tal resultaron ser *El carlismo gallego* (Pico Sacro, 1975) ou *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo* (Pico Sacro, 1977). Obras que, tempo andado, se poden considerar máis clásicas do que pioneiras, porque despois de trinta anos seguen a ser referentes básicos para a comprensión dos primeiros pasos da Galicia contemporánea.

O seu traballo de investigador tivo, desde os anos oitenta, dúas grandes liñas de traballo. Dunha banda, unha liña de historia da vida política de Galicia, nomeadamente no século XIX, que o levou a indagar o proceso de formación das grandes correntes ideolóxicas e políticas da Galicia dos séculos XVIII e XIX, (*Liberales y absolutistas*, Edicións Xerais, 1981), a historia das eleccións parlamentarias, o funcionamento do caciquismo e as biografías dos principais líderes políticos. Os resultados, publicados en diferentes artigos e contributos especializados, tiveron a mellor plasmación no seu *Diccionario de parlamentarios de Galicia* (Parlamento de Galicia/RAG, 2000), que é unha obra prosopográfica de referencia para a historia política e parlamentar da época contemporánea española. A segunda liña de traballo ten que ver coa historia cultural e institucional, na que tamén ao carón de moitos artigos especializados cómpre salientar unha serie de publicacións sobre a historia da prensa e da imprenta en Galicia, nomeadamente no século XIX, con resultados que están na liña de grandes estudosos como Soto y Freire ou Antonio Odriozola. Alén diso, salientan dous grandes proxectos: a dirección (e redacción parcial) da *Historia da Universidade de Santiago*, froito dun proxecto pensado para conmemorar o quinto centenario da Minerva compostelá, da que se levan publicados dous volumes (1998 e 2002) e, en segundo lugar, o estudo biográfico da figura esencial do Rexurdimento galego, que foi o historiador Manuel Murguía, do que, en colaboración con X. L. Axeitos, se levan publicados dous volumes do seu *Epistolario* (Fundación Barrié, 2003 e 2005) e do que en pouco tempo sairá a luz unha biografía, obra persoal do profesor Barreiro.

De forma paralela a esta actividade investigadora, levou a cabo X. R. Barreiro un notable labor de alta divulgación da historia moderna e contemporánea de Galicia a través de diferentes proxectos, como son os de *Historia de Galicia. IV. Época contemporánea* (Galaxia, 1981), *Historia contemporánea de Galicia* (Gamma Editorial, 2002, 4 vols.), a participación no *Proxecto Galicia* (Hércules de Ediciones, 1991) con cinco volumes e, en tempos máis recentes, a dirección da *Gran Historia de Galicia* (Arrecife Edicións, 2007), divulgada polo xornal *La Voz de Galicia* en 32 volumes, dos que o profesor Barreiro é autor persoal de cinco deles. Neste mesmo campo da alta divulgación, aínda que conteña unha notable parte de investigación arquivística directa, podería encadrarse a súa obra *Historia de la ciudad de La Coruña* (La Voz de Galicia, 1986), que representa un especial contributo á historia urbana de Galicia.

A vocación universitaria de X. R. Barreiro tivo axeitada expresión tanto na docencia como na dirección de investigacións. Porque é unanimemente recoñecido, mesmo oficialmente nas enquisas de avaliación dos estudantes, que se trata dun profesor universitario con grandes calidades como docente. Por máis que a docencia deixe escasas pegadas materiais, susceptibles de seren cuantificadas, fica

en pé unha imaxe que se transmite dunha xeración a outra que, a fin de contas, é a base do valor que máis se aprecia e menos se pode definir no mundo universitario: o prestixio. Pois diso se trata, de prestixio como profesor e como docente. Tamén como director de investigacións, como se pode comprobar mesmo nas participacións deste libro, debidas en boa parte a discípulos directos. Hai tres campos nos que a man do X. R. Barreiro se deixou notar de forma especial á hora de enfocar traballos de investigación por el dirixidos: a transición ao liberalismo; o estudo da vida política en Galicia, incluída a fase da guerra civil e do franquismo; e, en terceiro lugar, a historia cultural e da comunicación.

Hai unha terceira calidade do profesor X. R. Barreiro que queremos subliñar neste introito, que cadra moito ben co amparo institucional con que se publica este libro. Trátase da súa condición de ter sido un parceiro esencial de moitas institucións culturais galegas, desde os seus tempos mozos (Patronato Rosalía de Castro, Centro de Estudos Xacobeos) ata a época de plenitude vital e madurez intelectual, na que se incorporou ás primeiras institucións galegas, desde o Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento” –do que foi o seu secretario nos anos 1979-1983–, ao Consello da Cultura Galega desde a súa creación en 1983 e, nomeadamente, á Real Academia Galega, na que ingresou en 1997 e da que é o seu presidente desde 2001. Esta participación directa en tan importantes centros de referencia cultural debe explicarse polo feito de que sempre acreditou na necesidade de afortalar a cultura galega a través das súas institucións, porque son as que permanecen por riba das persoas. Esta lealdade institucional, que mesmo se podería entender como máis proclive á propia cultura galega ca ás organizacións que a encadran, define toda unha biografía intelectual. Porque alén do universitario, do docente e do investigador, está o intelectual e cidadán consciente de que pertencer a unha cultura e a unha patria como Galicia comporta paixón e compromiso, vontade de adoptar un ideal, forza para defendelo e decisión de transmitila aos seus coetáneos. Calidades e actitudes que son patentes para nós e para as cinco dúcias de colaboradores deste libro. Confiamos en que tamén sexan igual de evidentes para quen lea estas páxinas.

A Coruña/Santiago de Compostela, outubro de 2007